

Notas para un estudo dos refráns haxiocronolóxicos

Notes for a study of hagiochronological proverbs

M^a Rosario Soto Arias
IES Eusebio da Guarda. A Coruña

Resumo: Este artigo estuda unha serie de refráns haxiocronolóxicos. Neles a referencia a un santo serve para marcar o tempo. Vése en que áreas culturais son comúns este tipo de paremias. Analízanse en primeiro lugar as súas características xerais tales como as estruturas lingüísticas más frecuentes e os recursos literarios dominantes, as metáforas e metonimias. Tamén se observa o contido antropolóxico e folclórico. Analízanse en segundo lugar os trazos particulares, propios da idiosincrasia da área cultural concreta, galaica. Finalmente, pónense en relación estes refráns haxiocronolóxicos cun grupo de frases nominais nas que aparece o nome dun santo como modificador dun núcleo que se corresponde cun froito da terra ou do mar.

Palabras clave: refrán, santo, cristianización, universal paremiológico, estrutura paremiológica, constante transcultural, signo proverbial nacional.

Abstract: In this paper, a group of hagiochronological proverbs is examined, in which making reference to a Saint is used to indicate time. First, the cultural areas in which this type of paremiae is common are observed. Secondly, their general characteristics are analysed, such as the most frequent linguistic structures or the dominant literary devices; i.e. metaphors and metonymies as well as the anthropological and folkloric manifestations found in them. Thirdly, those special features which are characteristic of a particular cultural area in Galicia are also explored. Finally, it is attempted to establish a relationship between these hagiochronological proverbs and a list of noun phrases in which the name of a Saint acts as the modifier of the head which, in turn, denotes a fruit of the earth or of the sea.

Keywords: saying, Saint, Christianization, paremiological universal, paremiological structure, transcultural constant, national proverbial sign.

Data de recepción 24.4.2013 Data de aceptación 22.7.2013.

1. Introdución.

En galego abondan os refráns haxiocronolóxicos. Chamamos así a aqueles refráns onde a referencia cronolóxica vén dada polo nome dun santo (ou as súas advocacións, como a Candeloria¹). Por exemplo, *Por san Xulián, medra o día un pasiño de can.*

O santo non é o único marcador temporal paremiolóxico. Deixando a un lado a citación do mes, existen outros marcadores temporais, coma as aves (*Cando a rula rular; saca o saco de sementar; O cuquiño a cucar, a ruliña a rular, colle o foliño e vai sementar; Cando a garza vai pró mar, colle os bois e ponte a arar; Cando vén a bubela i o chau garrido, sembra o primeiro millo*, etc.) e os labores agrícolas tales coma a colleita dos froitos (*Polo castañeiro, o corpo pide o lareiro; Das cereixas ós nabos no nos queixamos, dos nabos ás cereixas veñan as queixas*, etc.), sen ir máis lonxe.

De igual modo que a confianza que o home occidental deposita nos santos é moi antiga – pénsese que a idea de interrelación suma con eles, presente no enunciado *creo na comuñón dos santos*, entra nas pregarias da igrexa romana desde o inicio, desde o Credo Apostólico–, igualmente o é a presenza dun santo como marcador temporal nos textos escritos en romance. Xa desde a Idade Media documentamos este fenómeno. Así, podemos citar, a modo de exemplo, un par de versos afonsís: *O que traga o pano de linho, /pero non veo polo San Martinho, /non ven al maio* (Carballo e García 1983: 55), o título da cantiga de Santa María nº 289, *Como Santa María de Tocha guariu un lavrador que andava segando en dia de San Quirez...* (Mettmann 1989), ou un documento de 1311 onde lemos *ata dia de sam Miguel de Setempro primeyro que uem* (López Ferreiro 1895/1975: 323). No corpus do TMILG atopamos novos exemplos.

Pero é a abundancia de refráns haxiocronolóxicos o que chama a nosa atención. Se tomamos como referencia básica a ciclópea obra de paremioloxía galega de Vázquez Saco (2003), aí contabilizamos uns 800 refráns deste tipo en cifras redondas. ¿Por que hai tantos? Entran en xogo varios factores: o refrán haxiocronolóxico nace verosimilmente no mundo rural; no mundo rural existe –como punto de partida e en común co xénero humano– unha forte presenza do que podemos chamar *relixiosidade popular*, que vén definida por notas ben trazadas e resumidas en Galbany (1980), a saber: poderosa vinculación coa natureza, observación e conciencia do misterio existente na infatigable repetición dos ciclos anuais, necesidade de celebración con festas ritos e fitos vinculados aos factores anteriores, carácter colectivo fundamental de tales celebracións en canto que garanten e afianzan a vivencia da sociedade e do común a todos os individuos, e necesidade inalianable de gozar desas vivencias, da vida en xeral.

A relixiosidade popular é un terreo aboad para a chegada do cristianismo, pero a cristianización non borra da mentalidade popular a pegada anterior. Debemos, xa que logo, sumar factores. Que en moi grande medida a celebración dunha festa cristiá se vén superpoñer sobre unha celebración precristiá é un feito innegable. E diso xa se

¹ A Candeloria é un dos núcleos temáticos más ricos na haxiocronoloxía paremiolólica. Rodríguez de la Torre (2009) reúne 345 paremias hispánicas relacionadas con esa celebración.

decataron moitos estudos do tema. Podemos citar aquí a Cattabiani (1990: 288 e ss.), quen, só por poñer un par de exemplos, vincula a celebración da Candeloria en febreiro ás saturnalias e outras festas purificadoras e propiciatorias romanas; cando analiza as festas cristiáns en memoria de san Miguel arcanxo observa igualmente o que el denomina *sedimentacións pagás*. Said Armesto (1997: 55), referíndose ás lumeradas de san Xoán, cita como precedente as solemnes lustracións pagás de gando e sementeira e relembra que xa Columela amenta esas lustracións ou purificacións consistentes en pasar por riba do lume. Un caso interesante neste sentido nolo ofrece san Martiño, tan presente neste capítulo da paremiología haxiocronolólica. Na *Mitoloxía Xermana* dos irmáns Grimm o propio san Martiño ordena ao rei Olav que de ora en adiante en troques de beber os *minni* de Odín e de Thor, se cumpra esa ceremonia en honra del, de san Martiño; isto é, asistimos a unha operación clara de sustitución na mente popular dun vello rito pagán por unha celebración máis cristiá (Schmidt 1887: 296).

2. O territorio. Carácter quasi universal

Os refráns haxiocronolóxicos documentámolos en moitas áreas culturais europeas: na península son comúns ao dominio do castelán (unha obra de referencia obrigada para o tema é a de Río 2010), do catalán (Amades 1950),

do portugués:

Em São Tiago, tinta o bago; Até ao São Pedro tem o vinho medo (Moreira 2000),

do aragonés:

Pa San Antonio d'enero, una hora más camina 'l arriero (Aliaga 2012: 222),

e do basco:

Doneaneco euria/garien galcaygarria “Chuvia de san Xoán, / causa de perdición do trigo”; *Done Mererij Celedon / porru ereyato on* “Por san Meterio e san Celedón, / boa sazón para sementar porro” (Irigoyen 1596/1975); *Santa Luzia eguna, argia gabe iluna* “O día de santa Lucía, antes de amencer anoitece”; *San Andres, dana ona, txarra bapez* “Polo santo André todo bo, o malo nada” (CVC).

Fóra da península documentámolos en francés (Río 2010), en bretón (Sauvé 2003):

Da chouel ar Chandelier, / Deiz da bep micherour, / Nemet d'ar c'hemener/ Ha d'al luguder “O día da Candelaria todos traballan, agás o xastre e o lacazán”;

Da c'houel Mathiez, / Vi e reor ann houadez, / Hag ar bik a choas he barez “Polo San Matías, o ovo está no cu da pata, e a pega quere aparearse”;

Da c'houel sant Guennole, / Stanka'r foennek oc'h ar c'hole “Polo San Guennolé, péchalle ao touro o prado”;

Da chouel Sant Joseph pe Sant Benead, / Gounid ar panez hag al lin mad “Polo San Xosé ou San Bento, sementade as chirouvías e o bo liño”;

N'ê ket ganet he vamm /'Nn hini glev ar goukou nao devez goude gouel Iann “Non naceu da súa nai o que escoitou o cuco nove días despois do San Xoán”,

en inglés (Fergusson e Law 2000):

On Candlemas Day, you must have half your straw half your hay “O día da Candeloria debes ter a metade da túa palla e a metade do teu feo”; *St Matthie sends sap into the tree* “San Matías trae o zumo ás árbores”; *St David's Day, put oats and barley in the clay* “O día de san David pon a avea e mais o orxo na arxila”; *David and Chad: sow peas good or bad* “David e mais Ceada: sementa os chícharos bos ou ruíns”; *Before St Chad every goose lays, both good and bad* “Antes de san Ceada poñen os gansos, tanto os bos coma os malos”,

en gaélico (Rosenstock 1999: 44):

Ba chuma Donncha um Nollaig nó thallfaoi Cháisc / Mar bhí Nollaig ag Donncha oíche is lá “Dinís no Nadal ou Dinís na Pascua: un e o mesmo: Dinís sempre nos banquetes” (O Dinís que se celebra no Nadal é o san Dinís ou Dionisio Papa),

en alemán:

Ist's zu Lichtmess hell und rein, Wird ein langer Winter sein; Wenn es aber stürmt und schneit, Ist der Frühling nicht mehr weit “Se o día da Candeloria é brillante e puro, haberá ainda un longo inverno; pero cando hai tormentas e nevadas, a primavera non está lonxe” (Donato e Palitta 2000: 61);

Wer Rüben will, recht gut und zart, sä' sie an Maria Himmelfahrt “O que queira nabos bos e tenros, debe sementalos para a Asunción”; *Um Blasiustag wird der Storch wieder zu sehen sein* “Arredor do día de San Blas volverase ver a cegoña”; *Zu Allerheiligen ist Schnee im Hochgebirge zu sehen, wenn man St. Andreas feiert, liegt Schnee auf dem Boden* “Polos Santos pódese ver neve nas montañas; cando se celebra o santo André, hai neve no chan”; *Allerheiligen bringt einen gewissen Sommer* “Todos os Santos trae consigo un verán seguro” (CVC),

en italiano (Donato e Palitta 2000):

San Lucca, cava la rapa e metti la zucca “Polo san Lucas, arrinca o nabo e mete a cabaciña”; *Le zucche nate fra le due madonne, sono sempre le più bone* “As cabaciñas nadas entre as dúas marías [Asunción, 15 de agosto, e a Natividade da Nosa Señora, 8 setembro] son sempre as más boas”; *La Madonna di agosto rinfresca il bosco* “A Virxe de agosto refresca o bosque”; *Per la santa Candelora, se nevica o se plora, dall'inverno siamo fora; ma se è sole e solicello, noi siam sempre a mezzo el verno* “Pola Candeloria, se neva ou se chora, do inverno estamos fóra; mais se hai sol ou hai raxeira, estamos ainda na metade do inverno”; *Se San Mattia non rompe il ghiaccio, lo rompe San Giuseppe* “Se san Matías non rompe o xeo, rómpeo san Xosé” (Donato e Palitta 2000),

en véneto (Cibotto 2000: 21):

A San Martin, casca le foje e se spina el bon vin “Polo san Martiño caen as follas e encétase o bo viño”,

en romanés (Munteanu 2010):

A trecut Sântă-Măria / Să lepădăm pălăria! “Pasou santa María [a Natividade da Nosa Señora] / Guindemos co sombreiro!”; *Aşa cum e ziua de Sfântul Simion, aşa e tot anul* “Así como é o día de San Simeón, así é todo o ano”; *Dacă de Sfântul Haralambie va ploua, / Va mai ploua patruzeci de zile* “Se chove por san Haralambie / choverá ainda corenta días”,

en grego:

Από του Αγίου Σπυρίδωνα, η μέρα μεγαλώνει (κατά) ένα σπυρί “Desde San Espiridión, o día medra un gran”; *Άγιος Ανδρέας έφτασε, το κρύο αντρειένει* “San Andrés chegou, o frío aumenta”; *Τ' αἱ Νικοβάρβαρα οἱ τοίχοι δρόνονν, μα στα φωτοκάλαντρα αποζυλώνονν* “En San Nicolás-Santa Bárbara as paredes súan, pero na Teofanía resécanse” (CVC),

en polaco:

Od świętej Agaty, będą wylatywać za laty “De Santa Ágata para adiante, as moscas voarán entre as paredes”; *Kiedy na Barbarę błoto, będzie zima jak złoto* “Lama en Santa Barbara, o inverno como ouro”; *Święta Barbara po lodzie, Boże Narodzenie po wodzie* “Santa Bárbara sobre xeo, Nadal sobre auga”; *Święty Maciej zimę traci albo ją bogaci* “San Mateo ou bota a perder o inverno ou faino rico”; *Jeśli na Marka żaba się odzywa, to ciepła wiosna rychło przybywa* “Se se oen as ras en San Marcos, unha primavera doce logo virá de camiño” (Stankiewicz 1961/2012),

en ruso:

Святой Власий, сишиби рог с зимы “San Blas, quítalle o corno ao inverno” (CVC).

Isto no que nós sabemos. É de supoñer que están presentes en todo o mundo occidental cristián. A presenza dos santos como marcadores temporais constitúe un cuasi universal paremiolóxico de primeira orde.

3. As características

3.1. As estruturas paremiolóxicas

Empezaremos pola forma. A forma, ademais de ser unha estrutura lingüística usada recorrentemente, é un molde paremiolóxico cuxo grao de universalidade pode ser verificado ata certo punto. Hai esquemas ou estruturas paremiolóxicas transculturais, comúns a case todos os repertorios paremiolóxicos do mundo, e hainos máis específicos e propios da paremioloxía galega. O concepto de *estrutura paremiolólica* usámolo seguindo o modelo de Herón Pérez Martínez (1995). Imos establecer unha xerarquización de estruturas

paremiolóxicas, tomando como referencia o corpus dos 800 refráns haxiocronolóxicos de Vázquez Saco (Vázquez 2003) e como criterio ordenador a frecuencia.

1. Casos de tematización do santo en función circunstancial. A paremia vai introducida por unha preposición inicial que encabeza un C.C., marco temporal de todo o conxunto:

Por + Santo: *Por Santos sacha a horta e capa o rancho* (160 casos en VS)

Por + Artigo + Santo: *Polo san Andrés hai porcos gordos para vender* (154 VS)

En + Santo: *En san Xoán a mexada dun can* (96 en VS)

En + Artigo + Santo: *No Carme todo o mundo come carne* (7 en VS).

Hai máis posibilidades, variando a preposición (*ata, de, desde, entre*) pero resultan pouco produtivas (*De san Martín en diante, frío e fame; Hastr'a Ascensión non quites o roupón e despois, quita e pon*). Un caso curioso é a estrutura coa preposición *a* en cabeza. Documentámola 5 veces en Rodríguez Marín (1926) para o castelán pero non a atopamos en galego: *A la santa, la bubuta canta* (refírese a santa Eulalia, canta a bubela)².

Hai casos de ausencia de preposición mantendo o valor circunstancial:

San Martiño, trompos ó camiño (VS 4587);

Santa Bibián, mociñas no liño e vellas na lan (VS 4616);

Santa Mariña, fruto na arquiña (VS 4622).

Outras expresións temporais (*na semana de, no mes de, no día de* ou, simplemente, *día de*):

Na semana de San Lucas, suca, boi, suca (VS 4239);

No mes de san Xoán secan as fontes e arden os montes (VS 4250);

No día de san Xoán baila o sol pola mañán (VS 4246);

Día de santa Lucía, énchete d'auga ou de sardiña (VS 4153).

2. Casos de tematización do atributo do santo. Neste caso o núcleo do constituínte en cabeza é a cousa, o froito, ou un elemento baixo a advocación do santo:

O millo de/en/por + Santo (5 en VS): *O millo de san Bartolomeu nin é meu nin é teu* (VS 4294)

A auga de/en + Santo (41): *A auga en san Xoán quita o viño e tolle o pan* (VS 4014)

A chuvia de/en (semana de)/por + Santo (18): *A chuvia por San Lourenzo sempre chega a tempo* (VS 4037)

² Igualmente chama a nosa atención a estrutura encabezada pola preposición *para* seguida do nome do santo. Rexistrámola tres veces en Rodríguez Marín (1926): *Para los Santos..., p.359; Para Reyes, lo notan los bueyes, y para San Sebastián, el gañán*, p. 361; *Para San Bartolomé..., p. 361*. Na paremioloxía aragonesa a súa presenza é abondosa: contabilizamos 19 casos en Aliaga (2012a): *Pa Sta. Madalena, la nuez llena* (p. 154). En galego, que nós saibamos, é unha estrutura inexistente neste ámbito.

A horta de san Martiño (4): *A horta do san Martiño mantén o dono a mais do veciño* (VS 4039)

O vran de san Martiño (4): *O vrau de San Martiño dura mentras o can lambe o fuciño* (VS 4316),

ata chegar a un total de 99 casos en VS. Hai variantes sen artigo inicial: *Lampreas en san Xoán, para o can!* Contrasta esta riqueza en VS coa ducia escasa de exemplos que recolle Rodríguez Marín (1926) con esta forma en castelán: *El agua de San Juan, quita vino y no da pan; la de Santa Rita, todo lo quita.*

3. Casos de tematización do santo, que ocupa a posición de suxeito en posición inicial.

Localizamos 75 casos con verbo en VS, mais 7 con elipse de verbo:

San Bieito rega a eito, Santiago trai o seu canado, santa Mariña a síua cabaciña, e san Roque o seu pipote (VS 4579);

San Cristobo co seu cobo (VS 4580).

4. Casos de estruturas bimembres causativas (hai un antecedente ou unha causa ou unha condición mais un consecuente ou un efecto ou unha implicación lóxica simple):

As más frecuentes son as estruturas condicionais: 57 en VS. Delas, 7 son do subtipo: ‘Se queres A, en/por + Santo fai B’. Dous exemplos:

Se san Xoán chora, a silveira non dá mora (VS 4642);

Se queres ter abellas, míraas polas Candeas; se queres ter mel, míraa polo san Miguel (VS 4641).

As construcións condicionais están intimamente relacionadas coas temporais de xeneralización introducidas por *cando*, que son as que lles seguen en cuestión de frecuencia: 21 en VS. As dúas son estruturas universais, transculturais; aparecen en case todos os repertorios paremiolóxicos. Se tomamos, por exemplo, a magna obra paremiolólica de Río 2010, aí vese a produtividade en francés destas estruturas: contabilizamos para as condicionais 60 casos, e para as temporais 40.

Cando marca o carácter temporal. Se indica mellor a mutua implicación: ‘Se A, entón B’ é un modelo en lóxica básica. Pero, en principio, son commutables. Son equivalentes porque teñen un carácter xeral e porque, nunha porcentaxe alta de casos, o verbo está fixado no presente atemporal, factor este que favorece a commutación. *Quand il gèle à la Saint-Victorien, en péches, en abricots, il n'y a rien ; S'il pleut le jour de Saint-Victorien, ou peut compter sur bien de foin.*

Agora ben, se no canto de presente aparece un futuro de prognóstico ou un presente con valor de futuro que se repite, entón o esperable é a estrutura condicional; estrutura que, ao cabo, é a propria para as hipóteses. Por exemplo: *S'il pleut à la Saint-Luc, la fin de l'hiver sera caduque* (Río 2010: 293); *Si después de invierno seco llueve por Santa*

Bibiana, llueve nueve semanas; Si en la Candelaria no se apaga la vela, buen año espera (Rodríguez Marín 1926).

5. Casos de estruturas con relativo (substantivado) en cabeza. Contabilizamos 20 casos en VS, como os seguintes:

O que vendima en san Miguel, bebe ben (VS 4311);

Quen en san Miguel esterca, dende a casa rega (VS 4572).

Trátase de relativos de xeneralización, o que explica a súa presenza nestas paremias. Debe terse en conta, ademais, que xeneralización e hipótese son conceptos pragmàticamente próximos (*Todo corpo sumerxido despraza...*, *Se se sumerxe un corpo, este despraza...*, *Cando se sumerxe un corpo...*).

6. Casos de estruturas con vocativo:

San Pedriño, san Pedrán, polo teu santo empeza a haber a primeira mazán (VS 4605);

San Migueliño das uvas maduras, tarde vés e pouco duras (VS 4599).

Hai, salvo erro noso, 15 casos en VS³.

3.2. Metáforas e metonimias

En boa medida, a lingua do refrán é unha lingua críptica, suxeita a un código propio: canto máis concreto é o tema, canto máis delimitado é o receptor –o labrego–, canto máis tempo leva en circulación este saber codificado –o que se comproba polo alto número de variantes–, máis posibilidades se dan de que se reformule, se recrea, se recodifique a linguaxe. Asistimos así ao nacemento dunha especie de subcódigo: con claves lingüísticas específicas. Neste marco é onde hai que situar o proceso constante de creación e recreación lingüística: un refrán é unha forma verbal dotada dun alto grao de creatividade, non só en canto á forma e á estrutura, senón tamén en canto á capacidade metaforizadora, literaria, creativa por excelencia. As metáforas e as metonimias funcionan como claves

³ Outros casos de estruturas bimembres comparativas ou correlativas en xeral: volvemos ter un modelo de forma produtiva universal en paremiología. Aínda que neste apartado haxiocronolóxico a súa concorrenza é baixa.

Como es + santo ... es + tempo do ano: *Como es san Blas, es Semana Santa y Carnaval*

Frases nominais bimembres, sen verbo:

Ben...mellor: *Entre Santos e Nadal, ben chover, mellor nevar.*

Cada... o seu: *Cada san Martiño, o seu porquiño.*

Cal...cal: *Polo san Martiño, fárdase o rico e mais o pobrío, cal co saio, cal con farrapos.*

Canto... tanto: *Cantos días de sol en xaneiro, tantos de choiva en san Xoán.*

Que... que: *Por san Lucas bois ao arado, que enxoitos, que mollados.*

Quer...quer: *Polos Santos todo gardado, quer no ucho quer nos agros.*

Tanto... como: *Por san Mateo, tanto veo como no veo* (Marca a igualdade equinocial entre o día e a noite); *En san Xoán, tanto queixo como pan; Tantos días de sol no mes de Nadal como días de chuvia no mes de san Xoán.*

Estruturas bimembres, con verbo:

Nin... nin: *Nin que chores nin que deixes de chorar, mitá do inverno está sin pasar.*

interpretativas, nacen ao servizo do carácter lapidario, críptico incluso, dun alto número de refráns. Os refráns haxiocronolóxicos teñen os seus tropos característicos:

3.2.1. As metáforas

1. Metáforas para a auga, para a chuvia: o verbo *chorar*. Metáforas para o bo tempo: os verbos *rir* e *cantar*⁴. Trátase dunha constante transcultural. Vémola en portugués (Sousa Viterbo 1913: 53):

Se a Senhora da Luz chorar, está o inverno a acabar. Se a Senhora da Luz rir, está o inverno para vir,

en galego:

Se (por) san Xoán chora, a silveira non dá mora(s) (VS 4642);

Se chora Marta, rie Lázaro; se Lázaro chora, Marta ríe (VS 3909),

en castelán:

Algo dice San Lorenzo cuando llora sin cuento (Río 2010: 226);

Que la Candelaria llore o que cante, invierno atrás y adelante (Río 2010: 74);

Si el año sale llorando, mal para las huertas y para los campos, y si se va riendo, cantarán a su tiempo (Rodríguez Marín 1926),

en catalán:

Si la Candelera plora, l'hivern és fora; si la Candelera riu, l'hivern és viu; però tant si plora com si deixa de plorar la meitat de l'hivern encara ha de passar (Amades 1950: t. I, 699, encontramos aí e nas páxinas seguintes máis dunha ducia de paremias con estas metáforas arredor do día da Candeloria);

Si la Candelera riu, l'oreneta ja és al niu (Amades 1950: t. I, 702);

La Candelera és ploranera o per davant o per darrera (Amades 1950: t. I, 701);

Quan l'agost plora, la verdura és bona (Conca 1988: 240);

Sant Benet plorós, Juliol plujós (DCVB),

en aragonés:

Si la Candelera plora, 'l invierno está fora, y si no plora, ni dentro ni fora (Aliaga 2012),

en italiano:

Per la santa Candelora, se nevica o se plora, dall'inverno siamo fora; ma se é sole e solicello, noi siam sempre a mezzo el verno (Donato/Palitta 2000).

⁴ E como variante menos frecuente para o bo tempo pode aparecer o verbo *empolar*: *Si a Candelaria empola, vai o inverno fóra* (VS 20089).

1.2. Unha variante témola co verbo *regar*:

Si non regha san Xoán, non regha nin un santo no verán (VS 4656);

Santa Mariña rega ca súa cabaciña e Santiago co seu canado (Río 2010: 200);

San Bieito rega a eito... (VS 4579).

1.3. Pouca chuvia: *a mexada* (dun gato ou dun can)

En san Xoán, a mexada dun can (VS 21429);

En san Xoán, nin a mexeira dun can (VS 4198).

Estes refráns pertencen ao mesmo paradigma ca aqueloutro referido a marzo:

Chuvia en marzo, como a mexeira dun gato (VS 2560).

2. Metáforas para o mal tempo: *cara de can/o demo* (exceso de calor ou tronada):

En san Xoán, o tempo aínda pon cara de can (Río 2010: 174);

Día de san Lourenzo, a terra leva o demo (Río 2010: 226);

Febreiro quente trae o demo no ventre (VS 2472);

Polo vintecatro de agosto san Bartolomeu deixa o demo solto (VS 4445).

3. Metáforas para o mal tempo: *a roda (de santa Catarina)/a cordoada/o cordonazo* (que supostamente cinxe a vestimenta talar do santo)/ *os dentes* (do inverno: se se perde un dente é indicio de que o inverno cede; se se arregañan os dentes é indicio de que hai inverno):

Andar barquiñas, andar axiña, non vos colla o cordonazo de santa Catalina (VS 15733);

Per la roda de Santa Catarina, el bon mariner en terra ha d'ésser; La orda de Santa Catarina, tota la mar terbollina; La roda de Santa Catarina, de les barques fa xixina; La roda de Santa Catarina amb vuit dies no se fina (Amades 1950: t. V, 731);

Cordoada de san Francisco, de chuvia ou de frío (Río 2010: 278);

La cordonada de Sant Francesc, cap any no pot faltar o per terra o per mar; La cordonada de Sant Francesc, si és dolenta per la terra, pel mar encara més; La cordonada de Sant Francesc la temen els pescadors i els mariners (Amades 1950: t. V, 453);

*El cordonazo de San Francisco lo temen los pescadores y los marineros; El cordonazo de San Francisco por tierra y mar se ha de notar*⁵;

⁵ “Refranes de Santos”, [<http://refrane.santos.net/?santo=76>]. [Data de consulta: 27.2.2013].

Polo san Vicente, perde o inverno un dente; Por San Vicente, el invierno pierde un diente (Río 2010: 60);

Per Sant Vicenç l'hivern cada dia perd una dent ; Per Sant Vicenç l'hivern perd les dents; Per Sant Climent, el fred reganya les dents (Amades 1950).

4. Metáforas para a medida de tempo: *o paso, a pata, o salto* e variantes:

De novo temos unha constante transcultural, polo menos na Romania, onde a documentación ao respecto é rica:

De Santa Luzia ao Natal um salto de pardal, de Natal a Janeiro um salto de carneiro (Moreira 2000: 104);

A Nadal un pas de pardal y a San Antón un hora per tot lo mon (Aliaga 2012a: 148);

En Santa María, unha hora crece el día; en San Blas un paso nada más; en San Antón, un paso de ratón⁶;

Por San Antón, crece el día un pasico de ratón. Por Santa Lucía, crece el día un paso de gallina; Por Santa Lucía, crece el día un paso de gallina; por San Antón, un paso de lechón; Por San Sebastián, un pasito galán; Polo san Sebastián, medra o día o paso dun can; Por San Xulián, medra o día un pasiño de can; À la Saint-Sébastien, les jours rallongent d'un pas de chien; Por santa Lucía, pouata de pita; por Nadal, puliño de pardal; por santo Estevo, choutiño de coello, e por san Silvestre, correndo coma as lebres; Por santa Lucía crece o día un palmo de pita; por san Xulián, un pulo de ran; por san Antón, un paso de boi...; À la Sainte-Luce, le jour croit du saut d'une puce (Río 2010);

Por San Antón, cunde el día una patita de pichón (o de ratón); En llegando Santa Lucía, un palmo crece el día (Rodriguez 1926);

De Sant Tomàs a Nadal, just una passa de gall; Per Sant Esteve creix el dia un pas de llebre; Per Sant Julià cent passes de marrà; Per Sant Sebastià, una passa de marrà; Per Sant Sebastià s'allarga el dia un pas de milà; Per Sant Sebastià, cent passes de ca; Per Sant Antoni un pas de dimoni; Per Santa Llúcia, un pas (un salt) de puça; Per Santa Llúcia, creix el dia un pas de puça; no creix ni disminueix, fins que el Nen Jesús no neix (Amades 1950);

Pola santa Lucía, a pata dunha galiña; Día de santa Lucía, o salto dunha pulga ó día; O día de santa Lucía medra o día a pasadiña dunha galiña; Pola santa Lucía xa medra un palmo o día; No san Martiño, remonta cada día un ferradiño (VS).

Pero tamén documentamos esta metáfora para medir o paso do tempo fóra da Romania: en alemán:

⁶ [<http://refranes.dechile.net/?santo=76>] [Data de consulta: 26.2.2013]. Ten a referencia: “Bajo Aragón”.

Nach Dreikönigen wachsen die Tage um einen Hahnenschritt “Despois dos Reis medran os días un paso de galo” (CVC),
en ruso:

Январь на порог, прибыло дня на воробыниый скок “Xaneiro no limiar, o día fai o salto do gorrión” (CVC);

en grego encontramos unha nova variante do *salto* ou do *paso*, un *gran*:

Από τον Αγίου Σπυρίδωνα, η μέρα μεγαλώνει (κατά) ένα σπυρί “Desde san Espiridión, o día medra un gran” (CVC).

5. Metáforas para o tempo modelo: *a chave/ o corazón (do ano)*

Maio pardo e san Xoán craro, aí tes as chaves de todo o ano (VS 3139; variantes: 3116, 3140);

Maio pardo, san Xuan claro, é o corazón do ano (VS 3146).

3.2.2. As metonimias

1. A fouce pola sega:

En san Xoán, (a) fouce na man (Río 2010: 175); *Por Santa Marina, échale la hozina* (Rodríguez 1926: 379).

2. A rella pola arada:

La reja de por San Juan, muchos la saben y pocos la dan (Río 2010: 174); *A reixa de san Xuan, moitos o saben e poucos o dan* (VS 3225); *A falta de reja, culo de oveja* (Rodríguez Marín 1926: 8, o segundo membro alude ao esterco); *San Froilán, mete a rella e tira o pan* (Río 2010: 281).

3. A vela indica a necesidade de luz artificial por acurtarse os días:

San Andrés trai a vela, e San Xoan a leva (VS 21426).

4. O continente polo contido:

Aí vén o mes de Santiago co seu canado (*canado* por ‘chuvia’) (VS 21458); *Aí vén San Miguel co seu tonel* (*tonel* por viño ou por recipiente para almacenar as uvas) (Río 2010: 270); *Aí vén san Pedro co seu xerro* (*xerro* por chuvisco) (Río 2010: 184); *Santiagüño, sempre co seu cabaciño* (*cabaciño* está por ‘chuvisco’) (Río 2010: 209); *A Santa Marinha sempre trás a sua cabacinha* (Chaves, citado por VS, nº 12639).

Á mesma serie de metonimias pertence a *regazadiña*, a *canadiña*, a *ola*, o *caldeiro* e o *calderiño* que aparecen nalgúns refráns que citaremos máis adiante, no apartado 2.5. É posible relacionar con esta serie aqueloutros refráns onde a santa é actualizada portando un obxecto-metáfora do froito ou do tempo que nos depara:

Santa Mariña, fruto na arquiña (VS 4622, a arquiña simbolizaría o froito da colleita xa recollido); *Santa Ágata porta el fred dintre una saca* (Amades 1950: t. 1, 736,

a *saca* metaforiza a cantidade de frío que trae a santa, nun proceso de recreación pseudo mítica, en canto que nos fai relembrar aquelas divindades arcaicas que portaban a caixa dos tronos, a cornucopia, o saco de santa Claus...).

5. A parte polo todo. Metonimias por contigüidade:

Polo san Simón aperta o baldón (VS 4423, o *baldón* é o tapón de corcho da cuba ou do bocoi do viño, e indica unha parte do traballo da vendima, e pola mesma, está en lugar da propia vendima);

A San Andrés, no ararle los pies (Rodríguez Marín 1926: 47, ‘los pies’ son ‘pies de olivo’);

San Lucas, ¿por qué no (en)cucas? Porque no tengo las bragas enjutas (Río 2010: 306, nota 26; *cucar* vale aquí por ‘traballar’, polo menos noutras paremias –*O que non cuca non manduca*– é así; explica Río que a alusión metonímica á roupa mollada expresa que as uvas están ainda acabadas de estrullar cos pés).

3.3. O contido antropolóbico, etnográfico, folclórico

Xa dixemos anteriormente que moitos ritos ancestrais precristiáns perviven no culto aos santos. E a fíusa antiga que antes se depositaba nunha fonte, pedra, árbore, etc., pasa a ser depositada ben en Deus, ben na Virxe e nos santos. Ao santo pedímoslle con fe renovada o que necesitamos, tanto o máis básico: a auga e o alimento, a saúde, o amor e o matrimonio (*/Meu san Antonio casamenteiro, rógoche un mozo garrido e solteiro!*, Ferro 1995; *San Antonio bendito, que me quiera ese mocito*, Felder 1998; *Santa Madrona* [santa barcelonesa celebrada o 15 de marzo], *feu-me esser dona*, Amades 1950), como o menos básico: unha predición de futuro, as miudanzas más inverosímiles da vida cotiá como invocaren os meniños a san Xoán cando comen unha laranxa, para que se multipliquen os gallos⁷. O tema é inesgotable. A nós interésanos subliñar que boa parte da paremiología haxiocronolólica permanecería escura e críptica se non se ten presente a explicación antropolóbica ou etnográfica. E este compoñente pasa a ser unha característica máis do conxunto de refráns que nos ocupan. Sinalaremos unha ducia de casos concretos.

Referidos a costumes e tradicións no san Xoán:

*No día de san Xoán baila o sol pola mañán*⁸ (VS 4246); *Polo san Xoán déitate cedo para lavar a cara pola mañá* (Río 2010: 172);

⁷ Ao comer a laranxa os rapaces do concello portugués de Fafe metían o dedo mendiño arredor dos gomos dicindo: *São Juôu, são Juôuzinho, dà-me mais un capôuzinho* (quer dicir, un gomo máis de laranxa), *São Juôu, são Juôuzinho, dà-me mais un pequeninho* (Silva 1951, 390).

⁸ Xa o padre Feixoo alude a esta vella tradición de iren os mozos na noite de san Xoán, antes da alba, aos montes para ver bailar o sol cando raia, di que outros pobos cren que baila na Pascua. Para máis datos, vid. Caro Baroja 1992: 169 e ss. Unha lenda dos Abruzzo, en Italia, di que nesa alborada pódese ver no sol a cabeza cortada do Bautista. Gabriele d'Annunzio faise eco dela. Máis semellante ao folcore galaico é a crenza de Cerdeña, segundo a cal o sol brinca tres veces, como brincaría a cabeza do santo apenas xebrada do tronco (Cattabiani 1990: 233).

San Giovanni col su'fuoco brusa le strighe, el moro e 'l lovo (“San Xoán co seu lume queima as meigas, o mouro e o lobo”, proverbio da Istria [Cattabiani 1990: 237]);

Les herbes de Saint-Jean gardent leurs vertus tout l'an; À la Saint-Jean, les feux sont grands (Río 2010: 172);

En la noche de San Juan las enamoradas recogen de sus novios las enramadas (Rodríguez Marín, 1926: 187; alude á ofrenda de flores, mazás e herbas que poñen en Extremadura nas fiestras das namoradas); *Noche de San Juan, noche de enramas, en que los mozos rondan a las enamoradas*⁹;

Bany de Sant Joan, salut per tot l'any; Les herbes de Sant Joan tenen virtut tot l'any; Per Sant Joan, les estimades troben les enramades (Amades 1950).

Refráns referidos a cuestiós contractuais:

Las riñas de por San Juan son paz para todo el año (xa figura en Correas, o refrán ten orixe nas casas que se alugan e os mozos que se escollen e entran a servir novos amos polo san Xoán [Caro 1992: 165]); *San Xoán nos amenaza e san Pedro bótanos da casa* (VS 4613, en relación coa explicación anterior); *San Miguel: el pagador* (Río 2010: 271; nesa época pagábanse as rendas anuais; en Italia estes procesos contractuais tiñan lugar polo san Miguel e san Martín, de aí as unidades fraseolóxicas *Fare San Martino, Fare San Michele* “cambiar de casa” [Donato e Palitta 2000: 322]).

Refráns referidos a tradicións e costumes polo san Martiño:

Por san Martiño faiuse o magosto con castañas asadas, e viño ou mosto (Río 2010: 321); *Por san Martiño, trompos ao camiño* (da oralidade: non logramos averiguar por que se xoga cos trompos nesta precisa época do ano, a única explicación plausible quizas estea nas palabras dun noso informante nonaxenario, dezao: “xogabamos de camiño á escola...”; o comezo do curso escolar non cae lonxe do san Martiño); *À la Saint-Martin, bonde ta barrique, vigneron, fume ta pipe, mets l'oie au toupin, et convie ton voisin* (Río 2010: 321; o toupin é a confitada do ganso, conservada nun tarro na terra).

3.4. A desmitificación

O fenómeno de desmitificación implica frecuentemente un uso lúdico, irónico ou festivo da lingua. Esta característica parece ser un denominador común a espazos culturais distintos. ¿Podemos dicir que hai aquí novo factor de universalidade? Se o houber, habería que enuncialo cun subíndice de grao 3; entendendo como Factor de Universalidade de Grao 1 o tempo (os refráns meteorolóxicos); como Factor de Universalidade de Grao 2 o santo –ou a festividade correspondente a un santo– como marcador temporal (o que

⁹ “Refranes de Santos” [<http://refrane.santos.net/?santo=151>]. [Data de consulta: 27.2.2013].

denominamos *Haxiocronoloxía*), e como Factor de Universalidade de Grao 3 o proceso de desacralización ou gradación do tipo santo +/- poderoso.

En ruso, Mokienko fai alusión a varias UUFF onde aparecen unha serie de festas e santos produto da ironía popular como *San Preguiceiro, o lacazán reverendo, ou celebrar o día de San Lacazán* (Mokienko 2000: 44-45, reproducimos só a tradución ao galego).

Cita tamén Mokienko (2000: 110) unha frase checa lúdica, onde intervén un santo inexistente: *Darlle para o templo de San Bouchala* “mallar a golpes”.

No español, peninsular e de América, non faltan UUFF onde aparecen santos inventados: *Cagarse en sandiós/en san Pito Pato/en San Periquitín del baile* (da oralidade); *Como San Babilés* (aplicable ao parvo); *Como San Jinojo en el cielo* (aplicable ao bobo); *El Santo Pajares; San Acá y San Allá; San Creso; El Santo Leprisco; San Joderse cayó en lunes; Sanseacabó; San Ciruelo es uno de los santos que no han ido al cielo; San Ciruelo es un santo; pero su día se quedó fuera del calendario* (Candet 1998); *Día de San Ciruelo, treinta de febrero; Sanseacabó no tiene vigilia; A fray Soy poca fe le doy; y de fray Fué menos me fié* (Rodríguez Marín 1926); *San Lunes ou Sanlunes* (luns en que alguén, por preguiza, non vai ao traballo, DBM); *San flauta* (na locución con valor ponderativo de la *san flauta*, DHA). Ou santos degradados: *San Antón, viejo y meón, mete a las viejas en un rincón* (Río 2010: 52); *San Isidro Labrador, alza la pata y se mea en tós* (Río 2010: 146); *¿Qué ha de dar san Sebastián, cuando ni calzones tiene?* (Refranero Mexicano¹⁰); *San Para mí; que los santos no comen* (Rodríguez Marín 1926); *Estoy como los santos de Bujalance, con una mano atrás y otra delante “sen cartos”* (refrán xienense¹¹); *Tener el San Gregorio ‘ter a muller a menstruación’* (informante leonés).

En catalán aparecen novos santos producto da expresividade popular: *Sant tornem-hi!* “E dálle!” (Millà 1965: 209); *Sant Camotes* (designación tradicional despectiva para os xastres [Amades 1950: t. V, 723]).

En francés documentamos *San Glinglin*, santo fantástico que aparece na unidade fraseolóxica do francés europeo à la *Saint-Glinglin* “nunca” (Bárdosi e González 2012: 294), e na do francés canadiano *Saint-Glin-Glin des Meus Meus* “un lugar no cu do mundo, onde Cristo deu as tres voces” (DesRuisseaux 2009: 413).

En galego temos: *Para san Serenín, que é un día antes da fin* (é dicir, “nunca”); *Santa Lilaila pariu por un dedo, certo será pero eu non cho creo*¹²; *San Logo é santo que nunca chega; Ir á festa de san Nunca* (*San Porrondón*) (Mokienko 2000, 43, nota 22); *Santa María ora-pernobis, cantan os cregos e inchan os foles* (Zamora 1972); *Pouco pode dar san Sebastián, que inda nin cirolas ten; San Antoniño, o de xuño, que o de xaneiro é o dos burros* (Río 2010: 166); *Santo da porta non ten virtú* (informante de Tal, Muros, Coruña);

¹⁰ [<http://www.academia.org.mx/refranero.php>] [Data de consulta: 26.2.2013].

¹¹ [<http://www.deporcuna.com/sabiduria/refranes/meteoro.htm>] [Data de consulta: 26.2.2013].

¹² Encontramos unha variante desta santa inventada en Aragón: *Sta. Lila, Lila, parió por el dedo; bien podrá ser, pero no me lo creo* (Aliaga 2012: 229); no galego de Valdeorras hai variante con ene: *Santa Lilaina pariu por un dedo, certo será pero eu non cho creo* (da oralidade).

A pequeno santo, pequeno rezado; O santo que non está presente, vela non se lle acende; Santo vello non fai milagres (VS); *a virxe do puño*, etc.

Este proceso de desmitificación ou de (de)gradación atopámolo tamén aplicado a Deus: así vemos en ruso: *Каков бог, такова ему и свеча* “como é o Deus, así é a candea” (Mokienko 2000a: 197); en gaélico: *Ní hionann bhur nDia Connachtach / Agus Dia breá fairsing na nUltach* “O voso Deus de Connacht non é o mesmo có noso xeneroso Deus do Ulster, loado sexa o seu nome” (Rosenstock 1999: 58); no castelán de Galicia coñecemos a frase proverbial sarcástica: *Dios mío, Dios mío, y de los demás tío* (arromedando o sentir dun egoísta, informante valdeorresa).

3.5. Os “signos proverbiais nacionais”

O concepto de *signo proverbial nacional* tomámolo de Vyshnya: “O corpus refraneiro está estruturado en forma dun campo proverbial no centro do cal habitan os Universais paremiolóxicos mentres que os signos proverbiais nacionais se dispoñen na periferia do continuum paremiolóxico nacional” (2008: 106, tradución ao galego nosa). Desde outro punto de vista, digamos que fronte aos refráns transculturais, analizaremos agora aqueles refráns haxiocronolóxicos que podemos considerar típicos do refraneiro galaico.

Unha das formas fraseolóxico-paremiolóxico-haxiocronolóxicas prototípicas do noso refraneiro é sen dúbida a que está encabezada por deíctico mais verbo de movemento mais nome de santo: ‘Aí vén a/o + Santo’. Aparece amplamente documentada, con distintos santos, e non se encontra así, coa riqueza de variantes que veremos, en ningún outro dominio cultural paremiolóxico –no que nós sabemos¹³:

Aí vén san Miguel co seu tonel!; Aí vén san Pedro co seu xerro!; Aí vén a Santa Mariña coa súa regazadiña (Río 2010).

Aí vén a Santa Mariña coa súa canadiña; Aí vén (o mes de) Santiago co seu canado; Aí (ei) vén Nosa Señora coa súa ola, aí vén san Pedro co seu caldeiro penzo; Aí vén san Lorenzo co seu caldeiro penzo; Aí vén san Quietán con xerro na man; Eí vén san Cristobo co seu covo; Eí vén san Lorenzo co seu calderiño penzo (VS).

Na xénese desta estrutura proverbial debemos probablemente acudir á alborada do espazo cultural agrario europeo, cando se celebraba con ledicia a chegada do mes de maio. Relembremos as maias, forma poética que debía ser xa tradicional na época afonsí, cando

¹³ Atopamos, pola contra, algúns casos concretos, sen chegar a ser numerosos, no refraneiro peninsular. A saber: vemos na provincia de Xaén unha forma que se aproxima bastante a este paradigma: *Miercoles de ceniza que triste vienes con cuarenta días que traes de viernes* [<http://www.deporcuna.com/sabiduria/refranes/meteoro.htm>] [Data de consulta: 27.2.2013]. Outros refráns con deíctico ou verbo de movemento son: *Día de San Martino, el invierno viene de camino; si le dicen "detente", llega por San Clemente; y aunque venga retrasado, por San Andrés ya ha llegado; "San Silvestre, deja el año y vete." Y el Santo respondió: "Ahí queda la última fruta y la primera flor"* (Rodríguez 1926); *Per Sant Andreu diu el fred: Aquí em tindreu* (Amades 1950); *El día de San Bernabé dijo el sol: Aquí estaré* (da oralidade). Entre nós a fórmula aparece noutrous subxéneros da literatura oral: *Aí vén san Xoán bendito* (Quintáns 1994, 42; documentada en Vimianzo, dun esconxuro nas leiras).

Afonso X nos presenta a cantiga mariana nº 406 dicindo que é *das maias*, coma quen alude a unha tipoloxía común e suficientemente coñecida. Catorce veces introduce a materia discursiva con ese ditado: *Ben veñas, maio*. Na literatura popular galega é doad o documentar estruturas paralelas, xermolo e matriz dos refráns que nos ocupan: *Aí vén o maio/ pola porta Faxeira, /ai vén o maio de roubar unha monteira* (maiós de Santiago, tradición xa desaparecida); *Eiquí vén o maio/ con vestido novo...* (maiós de Ourense de principios do século XX [González 1991: 88, 91]).

Nun principio, así pois, o refrán haxiolóxico adopta modelos previos á valoración do santo, á cristianización. Hai primeiro un proceso de deificación do tempo no propio mes. Celébrase ou témese a chegada de determinados meses cunha serie de fórmulas rituais, que logo serán –algunhas polo menos– transpasadas á figura do santo.

Este é, por exemplo, o caso da fórmula prototípica *Aí vén o maio*, coñecida de antigo, como dicimos. A forma é marabillosamente efectiva. Combina expresividade, concisión e esa capacidade de aproximación, de actualización, coma se vísemos chegando o ser. Ser en acción. Todo iso lógrase pola combinación do deíctico e do verbo de movemento. O deíctico é sinónimo de actualización. Concentra e condensa o poder convocatorio da palabra. E a palabra –especialmente o deíctico, ben o viu Bühler– concita a realidade. Primeiro foi un querer ter propicio o tempo, a través do proceso de personificación do mes¹⁴. Logo, tras a cristianización da nosa terra, é o santo-mes o que se recobre dos vellos esquemas, coma quen se recobre con novas vestimentas. *Aí vén Santiago co seu canado*. ¿A fórmula é só descriptiva ou é asemade impetradora? En calquera caso, actualiza a presenza dun ser que comunica sacralidade. É un vir de novo a nós a realidade vella en que a mente do home primordial creu con fe sinxela.

De aí a querencia do pobo refraneiro polo verbo de movemento, expresivo, marcador de vida activa, poderoso actualizador:

Por san Martiño di o inverno: alá vou eu! (Río 2010: 318; esta é a única variante que documentamos fóra de Galicia, concretamente en Cataluña: *Per Sant Andreu, diu el fred: Aquí em tindren*).

Ehí vai Santiago co seu canado; Cando vén o san Lorenzo, trai o seu caldeiro penzo; Mariñeiros, remangarse para salir á sardiña, que xa vén santa Catalina; Polo san Ramón anda o vran: "me vou, non me vou"; Por san Mateu di o inverno:

¹⁴ O prototipo de estrutura literaria tradicional, onde se percibe con precisión o proceso de deificación do mes e necesidade por parte do home de congraciarse con el, é o relato popular corso que recolle Calvino (1980) en forma de diálogo entre un pastor e marzo (*Marzo e il pastore*). Probables restos deste relato permanecen en variante curtas que soen integrarse dentro do refraneiro hispánico. Rodríguez Marín (1926: 289) é dos poucos comentaristas paremiológicos que identifican o pastor, que perciben o diálogo e os seus actantes: *Marzo marzueco, guárdame éste para morueco. –Yo te lo guardaré, pero el rabo le cortaré*. No refraneiro galego son abundantes as variantes do tema, en moitas aparece a estrutura lingüística que nos interesa, co deíctico e o verbo de movemento: *Ben veñas, maio, o mellor mes de todo o ano!* (Ferro 1995: 366); *Veña maio e veña pardo* (Ferro 1995: 208); *Eí vén febreiriño corto cos seus vinteito; se trouxera catro máis, non deixaba gato, nin can...* (Vázquez 2003 2404); *–Cala, que ehí vén meu primo Abril, que co coiro das oito á feira te ha facer ir;* *–Cala, que ehí vén meu irmán Marzo, que de oito soio che ha deixar catro* (Zamora 1972).

“alá vou eu”; *San Lourenzo sempre vén co seu caldeiriño penzo, san Cristovo co seu covo e santa Mariña coas súa regazadiña; Santa Mariña nunca vén sen a súa regazadiña; Santiago xa pasou, Nosa Señora xa vén vindo...;* *Sempre santa Mariña vén coa súa regadiña; Tralo veraniño de Samartiño chega Nadal co seu inverniño; Vaite, maio, coas túas flores que das arcas fixeches tambores...;* *Vén a santa Mariña metida nunha cestiña; Vén aí san Cristovo co seu cobo; Vén aí Santiago co seu canado; Vén san Cristovo no seu cobo; Vén santa Mariña coa súa manguiña de auga ou de sardiña; Vén santa Mariña metida nunha arquiña* (VS).

Logo xógase coa elipse do verbo de movemento, nunha nova e produtiva estrutura paremiolóxica extremadamente concisa, sintética. Unha estrutura produto da implicitación:

O Santiago co seu canado i-o Santiaguiño co seu canadiño; Santa Ana coa súa canada e Santiago co seu canado; San Cristobo co seu cobo; San Lourenzo co seu caldeiro penzo; Santa Mariña coa súa regazadiña; Santiago co seu canado, Santiaguiño co seu canadiño (VS).

Santa Mariña coa súa regazadiña; Santiago co seu canado (da oralidade, informante dezao).

Santiaguiño, sempre co seu cabaciño (Río 2010: 209).

Outros signos de carácter nacional son os santos propios. Cada dominio cultural ten os seus santos preferidos, santos que non necesariamente son oriúndos desa parte do planeta. En Galicia, por exemplo, está moi ben estudiado o fenómeno de apropiación ou galeguización de santos foráneos (González 2012). De feito, os santos de máxima concorrencia neste apartado da paremioloxía que nos ocupa non son galegos de nación, é o caso de san Xoán, Santiago, san Martiño, san Miguel, etc. Se examinamos o cadro de santos que son patronos más frecuentes en cerca de catro mil parroquias galegas (González 2012: 31), vemos que en xeral hai unha grande coincidencia entre esos santos e os arriba citados. Hai diferenzas na orde: o primeiro santo na paremioloxía haxiocronolóxica en frecuencia é san Xoán, santo que ocupa nesa síntese de titulares o nº4. E doutra banda, hai nomes de santos que se repiten nas paremias haxiocronolóxicas que quedan fóra do santoral por parroquias ao que aludimos. Así ocorre con san Bernabé, san Cristovo, san Lucas, santa Lucía, san Mateo e san Matías, entre outros.

Verbo da idiosincrasia haxio-paremiolóxica nacional, no refraneiro francés, por exemplo, aparecen santos que difficilmente atopamos na península: Santa Bernadette, Santa Amada, San Silvano, San Pipino (Río 2010); en Aragón documentamos a santa Waldesca¹⁵; en Cataluña apelan a santa Madrona, xa citada; no galego está san Froilán, difficilmente localizable fóra do dominio galaico: *Pra que medre ben o pan, sémbrao por san Froilán*

¹⁵ *No me digas uva'n cesta, que no pase Sta. Waldesca* (Aliaga 2012: 252). Santa Waldesca ou Ubaldesca non é doado documentala nos refraneiros peninsulares. En Huesca consérvanse reliquias súas no mosteiro de Sijena. Para comprender ben o refrán aragonés suponemos que hai que ter presente a data do 28 de maio, que é cando celebra o día desta virxe sanxoanista a Orde de Malta.

(VS 4567); *San Froilán, mete a rella e tira o pan* (Boullón et alii 1998: 281); *Si sembras na semana de san Froilán, o centeo salirache mosquiteiro* (VS 4661).

3.6. Os santos, os seus atributos en forma de froito e a fraseoloxía nominal.

En relación co tema que nos ocupa debemos referirnos agora á existencia dunha serie de frases nominais (por exemplo: *as mazás de san Pedro*) cuxo núcleo sintáctico aparece ocupado por un froito (da terra ou do mar) seguido da preposición *de* mais o modificador (ás veces o modificador é un adxectivo e daquela prescíndese da preposición). O trazo fundamental é que esa modificación sempre se refire a un santo.

A conexión, máis forte ou máis débil, entre este novo paradigma e o paradigma de refráns haxiocronolóxicos é innegable. Ambos os dous teñen en común o marcador cronomóxico: as frases nominais caracterízanse na inmensa maioría por marcar o santo o tempo de maduración ou a época de sazón do froito. Así temos:

As castañas do Rosario (denominación que lle dan no país de Deza ás primeiras castañas, son castañas de cedo), *as castañas do san Martiño* (castaña serodia, alongada [DdD]); *as castañas de San Miguel* (variedade de castaña [DdD]).

As cereixas de san Pedro; as mazás de san Xoán (“comiámolas polo san Pedro, eran pequeniñas, facían rir a un, amargaban coma a quina”, informante de Valdeorras, pero a denominación é común noutras partes).

As mazás de Sta. María (informante de Almada, Lisboa, dinos que son verdes); *as mazás de Sta. Mariña* (informante de Tal, Muros: “moi ricas, moi doces e non medran ben”).

As mazás do Santiago; as mazás santiaguesas; manzanas de San Bartolomé (en Oviedo), *de San Fausto* (nun catálogo en Biscaia), *de San Felipe* (en Baleares), *de San Ignacio* (en Guipúzcoa), *de San Jacinto* (eran os chamados peretons en Barcelona), *de San Jaime, de San Juan, de San Martín, de San Miguel, de San Pedro* (en Santander), *de San Román* (en León), *Sanroquera* (variedade local en Coruña, tamén mencionada en Pontevedra, chamada en Coruña ‘Pichón rojo de inverno’), *de San Tirso* (en Oviedo), *de Sans Pareille/Sans Pareille de Peasgood* (chamada Samperello en Pontevedra, e mais en Álava), *de Santa Magdalena, de Santa Rosa* (en Soria), *Santiaguera* (en Las Palmas), *de Santos* (en Galicia), pero *jaimil* (tamén chamada antigamente *Pero Dorado de Galicia*), *perillo de San Juan, ramonas* (en Lugo) (Cabra e Ibarz 1975).

As peras de nosa señora; as peras de san Benito (informante de Bendoiro, Lalín, son pequenas e verdes); *as peras de san Pedro; as peras de san Roque; as peras de san Xoán; as peras de santa Mariña* (DdD).

As sardiñas de San Antoniño (informante de Portosín, aparecen en xuño).

Los membrillos de San Bernardo (así chamados polo menos en Mallorca, é a froita do tempo, é dicir, que maduran nesa época, no verán [Lompart 2005]).

O peixe de san Martiño (ou *San Martiño*; dinos Sarmiento que se chama así “porque su sazón es por San Martín” [DdD]).

Os bagos de santa Mariña (grosellas [DdD]).

Os figos migueliños; os figos santiaguinos (informantes de Deza).

Os repolos migueliños (informantes de Deza: “os repolos migueliños teñen a cabeza más patela [‘aplastada’]. É máis doce, e moi branquiño, fai o caldo moi doce”. Ao preguntar por que se chaman desta maneira ninguén sabe explicárnolo, pero é de supoñer que debían plantarse canda san Miguel: a favor desta suposición está o feito de existiren os repolos da caste chamada *Bacallán* [así me aseguran varias persoas que lles chama o seu proveedor de Pazos de Borbén], e o bacallán –isto si que o saben– plántase por setembro, o mes de san Miguel).

Trigo de San Isidro (tamén chamado ‘trigo ramoso’, é o nome popular do *Triticum Compositum* [EUIEA]).

Uvas de San Juan (a sorbeira; un noso informante de Cacheiras, Teo, dinos que as *uvas de san Xoán* son os froitos da grosella branca, e que lle gustan moito aos paxaros); *uvas de san Pedro* (a grosella espiñosa); *as uvas de san Pedro; as uvas de santa Mariña* (en Sobreira [DdD]).

Como dicimos, hai unha relación entre refrán haxiocronolóxico e frase nominal co froito do santo. Nas paremias haxiocronolóxicas vimos un subconxunto importante onde se producía a tematización do *atributo* do santo (apartados 2.1.2, 2.1.3). Vexamos novos exemplos dese tipo:

Sardinha de Abril, vê-la e deixá-la ir; Sardinha de São João pinga no pão (Moreira 2000);

Abelliñas de Miguel todas cargadas de mel (figura no TILGA como verso do cancioneiro popular galego);

Millo santoeiro non chega ao celeiro (Río 2010: 310).

E tamén hai refráns onde o santo aparece caracterizado cun epíteto referido ao froito, ou dise explicitamente que canda o santo vén a froita:

Por la Virgen melonera, el verano fuera (Río 2010: 273, nota nº 15; nese tempo, 8 de setembro, o melón xa está en sazón);

Santa Caterina favatera (chámanlle así nalgunhas zonas de Cataluña porque ese é o tempo de plantar as fabas); *Per sant Llorenç, figues a querns* “Polo san Lourenzo, figos de catro en catro” (DCVB);

San Pedriño, san Pedrán, polo teu santo empeza a haber a primeira mazán (VS 4605);

San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras; San Miguel das cereixas, tarde vés e pouco deixas (VS);

El día d'Ascensión, cereixas en Oviedo y cebada en León (DdD);

Pa l'Ascensión, cerezas en Monzón (Aliaga 2012);

Despois de san Miguel, vai ós figos quen quere (VS 4136); *Dende San Xoán cirixeiro ó agosto ciroleiro...* (Gippini 1994: 20);

Verdes o maduras, por san Juan brevas seguras; Por san Xoán cereixas a van; Saint Jean, cerises à la main; A sardiña sanmiguela, ¡eis, a ela!; Santiago manda o pan, san Migueliño manda o viño, san Francisco manda a landra e san Andrés o touciño (Río 2010);

San Martiño sempre quer o seu grauciño, anque sea pequeniño; Se queres ter abellas, míraas polas Candeas, e se queres ter mel, míraas polo San Miguel (DdD)

Poderíase pensar que quizais algúns destas frases nominais estudiadas (de froito mais santo) se esgazaron xeneticamente do refraneiro haxiocronolóxico, coma un gallo se esgaza do tronco.

Un derradeiro vínculo que enfocaremos entre os dous paradigmas vénnos dado polo uso do diminutivo: *Figos migueliños, San Migueliño das uvas maduras... , Sardiñas de san Antoniño* nas frases nominais estudiadas; nos refráns temos: *As coles de San Antoniño* (VS 4061), *san Migueliño* (VS 4321, 4505, 4597-4604), *san Pedriño* (VS 4605), *san Xoaniño* (VS 4614), *Santiaguiño* (VS 4312, 4625), etc.

¿Que valor teñen estes diminutivos? De primeiras, de clara congratulación. Alegrámonos de recibir os froitos. E a maiores, cumpren unha función de comunicación moi humana, unha función quasi apelativa. Agradecemos. Porque non debemos perder de vista que se dá neste tipo de estruturas haxiocronolóxicas un fenómeno de aproximación metonímica: os froitos veñen canda o santo, logo veñen da man do santo. Daquela é bo tratar afectuosamente ao dador. No fondo, chamando por el con afecto, o home pretende garantir a función perpetuadora. O diminutivo, a apelación afectiva ao santo en xeral, asume así en certo grao tamén a función fática, en aras de poder continuar co mesmo acto apelativo-discursivo para o ano que vén.

4. Conclusións

De todo canto levamos dito deducimos catro conclusións:

A haxiocronoloxía preséntase como un vínculo cultural que nos une, tanto a nivel hispánico como a nivel europeo.

Adiantamos no apartado 2 un concepto provisional: a haxiocronoloxía é posible definila como un quasi universal paremiolóxico europeo. Ou máis exactamente, un quasi universal paremiolóxico do Occidente cristián, ben sexa anglicano, católico ou ortodoxo. A provisionalidade deste concepto deriva do feito de seren necesarios estudos

complementarios, sobre todo no ámbito balto-eslavo e fino-húngaro. Mais en calquera caso, queda a porta aberta a novos estudos.

Avanzamos na confirmación do carácter operativo do binomio implicitación/explicitación, unha dialéctica ben traballada –como é sabido– pola lingüística eslava.

Concluímos sempre que o ser humano inicialmente crea linguaxe tras unha íntima interrelación coa terra, o tempo climatolóxico, os froitos da terra e aqueles factores, visibles (chuvia, sol, auga) e invisibles (orixe da mitificación e sacralización de tales factores ou causas) que condicionan esa necesaria interrelación.

5. Bibliografía

- ALIAGA JIMÉNEZ, José Luis (2012): *Las lenguas de Aragón en el primer tercio del siglo veinte*. Vol. 1. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, Prensas Universitarias de Zaragoza, Gara d'Edizons.
- (2012a): *Refranes del Aragón que se fue*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, Prensas Universitarias de Zaragoza, Gara d'Edizons.
- AMADES I Gelats, Joan (1950): *Costumari català. El curs de l'any*. 5 vols. Barcelona: Ed. Salvat.
- BÁRDOSI, Vilmos e GONZÁLEZ REY, María Isabel (2012): *Dictionnaire phraséologique thématique français-espagnol. Diccionario fraseológico temático francés-español*. Lugo: Axac.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel; FERRO RUIBAL, Xesús; GARCÍA ÁLVAREZ, Xosé Manuel; LEMA SUÁREZ, Xosé María e TATO PLAZA, Fernando (1998): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- CALVINO, Italo (1956/1980): *Fiabe italiane. Volume secondo*. Torino: Einaudi, 1980⁷.
- CAMBRA, Rafael e IBARZ, Pilar (1975): “Variedades de manzano en España”, en *Anales de la Estación Experimental de Aula Dei (Zaragoza)* 13; 1-97. [<http://digital.csic.es/bitstream/10261/21421/1/VOL.%2013%20N%C2%BA1-2Cambra,Ibarz.pdf>]. [Data de consulta: 27.12.2012]
- CANDET YARZA, Francisco (1998): *Refranes*. Madrid: Edimat Libros.
- CARBALLO CALERO, Ricardo e GARCÍA RODRÍGUEZ, Carmen. (1983): *Afonso X, o Sábio. Cantigas de amor, de escarño e de louvor*. Sada / A Coruña: Eds. do Castro.
- CARO BAROJA, Julio (1992): *La estación de Amor*. Barcelona: Círculo de Lectores.
- CATTABIANI, Alfredo (1990): *Calendario. Las fiestas, los mitos, las leyendas y los ritos del año*. Barcelona: Ultramar.
- CIBOTTO, Giovanni Antonio (2000): *Proverbi del Veneto*. Firenze: Giunti.
- CONCA, Maria (1988): *Els refranys catalans*. València: Ed. 3 i 4.
- CVC = CENTRO VIRTUAL CERVANTES, *Refranero multilingüe*. [<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Busqueda.aspx>]. [Data de consulta: 13.2.2013].
- DBM= *Diccionario breve de mexicanismos. Academia Mexicana de la lengua* [<http://www.academia.org.mx/dicmex.php>]. [Data de consulta: 13.2.2013].
- DCVB=ALCOVER, Antoni M. e MOLL, Francesc de B. (1975-1977²): *Diccionari català-valencià-balear*. 10 vols. Palma de Mallorca: Moll. [<http://dcvb.iecat.net/>]. [Data de consulta: 20.2.2013].

- DdD = SANTAMARINA, Antón (coord.) (2006): *Dicionario de dicionarios da lingua galega*. [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>]. [Data de consulta: 13.2.2013].
- DHA= Academia Argentina de Letras (2003/2008): *Diccionario del habla de los argentinos*. Buenos Aires: Emecé.
- DESRUISEAUX, Pierre (2009): *Dictionnaire des expressions québécoises*. Québec: Bibliothèque Québécoise.
- DONATO, Elena e PALITTA, Gianni (2000): *Il grande libro dei proverbii*. Roma: Newton & Compton editori, 2^a ed.
- EUIEA = Espasa-Calpe (1979): *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo Americana*, Madrid: Espasa-Calpe.
- FELDER, Elsa (1998): *Refranes de nuestra tierra*. Ciudad Autónoma de Buenos Aires: Imaginador.
- FERGUSSON, Rosalind e LAW, Jonathan (2000): *Dictionary of proverbs*. London: Penguin Books.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- GALBANY, Josep M^a (1980): *La religiosidad popular*. Barcelona: Escuela Diocesana de Catequesis. Facultad de Teología de Barcelona-Sección San Paciano.
- GIPPINI ESCODA, Enrique (1994): *Refraneiro galego*. Sada/ A Coruña: Eds. do Castro.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1991): *As festas cíclicas do ano*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (2012): *Os santos titulares de parroquia en Galiza*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- IRIGOYEN, Alfonso (ed.) (1595/1975): *Refranes y Sentencias* (impreso en Pamplona 1596,). Edición e prólogo de Alfonso Irigoyen, en *La Gran Enciclopedia Vasca*, X, 615-682. Bilbao: Ed. La Gran Enciclopedia Vasca, 1975.
- LOMPART, Gabriel (2005): “Las fiestas de vecindad en la Palma de Mallorca del siglo XIX” en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, LX/2, 2005, 181-190.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895/1975): *Fueros Municipales de Santiago y de su tierra*. Madrid: Ed. Castilla.
- METTMANN, Walter (1986-1989): *Cantigas de Santa María*. 3 vols. Madrid: Castalia.
- MILLÀ I REIG, Lluís (1965): *Cinc mil refranys catalans i frases fetes populars*. Barcelona: Editorial Millà. Col·lecció «Vell i nou», núm. 3.
- MOKIENKO, Valerii (2000): *Fraseoloxía eslava*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.
- (2000a): *As imaxes da lingua rusa*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.
- MOREIRA DOS SANTOS, Maria Alice (2000): *Dicionário de provérbios, adágios, ditados, máximas, aforismos e frases feitas*. Porto: Porto editora.
- MUNTEANU COLÁN, Dan (2010): “Elementos de mitología autóctona en refranes rumanos meteorológicos y del calendario” en GARGALLO GIL, José Enrique (coord.): *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona; 305-316.
- PÉREZ MARTÍNEZ, Herón (1995): *El hablar lapidario. Ensayo de Paremiología Mexicana*. Zamora / Michoacán: El Colegio de Michoacán.

- QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (1994): *Anuario de tradicións galegas*. Noia / Coruña: Tambre.
- RÍO, Mª Pilar (2010): *El refranero y el santoral*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- RODRIGUEZ DE LA TORRE, Fernando (2009): “345 Paremias sobre el día de la Candelaria” en *Revista de Folklore* 29; 14-32 [<http://www.funjdiaz.net/folklore/07ficha.cfm?id=2544>]. [Data de consulta: 13.2.2013].
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1926): *Más de 21.000 refranes castellanos no contenidos en la copiosa colección del maestro Gonzalo Correas*. Madrid: Tipografía de la Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos.
- ROSENSTOCK, Gabriel (1999): *Irish proverbs*. Dublin: Mercier Press.
- SAID ARMESTO, Víctor (1997): *Poesía popular galega*. Pontevedra: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SAUVÉ, Louis-François (2003): *Trésor des proverbes, dictons, formulettes, et conjurations magiques des Bretons*. Rennes: Terre de Brume Éditions.
- SCHMIDT BRANCO, Cecília (1887): “Da origem de um symbolo popular na festa de S. Martinho” en *Revista Lusitana* I, 1887, 291-297.
- SILVA PEREIRA, Maria Palmira (1951): “Fafe. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografia e folclore do Concelho” en *Revista Portuguesa de Filologia* IV/2, 1951, 374-416.
- STANKIEWICZ ZAND, Helen (1961/2012): *Polish proverbs*. Whitefish: Literary Licensing LLC.
- SOUSA VITERBO, Francisco M. (1913): “As Candeias na religião, nas tradições populares e na industria” en *Revista Lusitana*, 16, 1913, 41-81.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>]. [Data de consulta: 11.2.2013].
- VS = VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): “Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 5, 2003. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 1067 páxs.
- VYSHNYA, Natalia (2008): “Mínimo paremiológico ucraniano y peculiaridades de su traducción” en *Paremia* 17, 2008, 101-109.
- ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.